

XORNADA DOS CLUBS DE LECTURA 2022/2023

RELATORES

5 de xuño de 2023

Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia, Santiago de Compostela

Felipe Servando Munita Jordán

Felipe Munita é Licenciado en Letras e Doctor en Didáctica da Lingua e a Literatura. Profesor na Facultade de Filosofía e Humanidades da Universidade Austral de Chile e membro colaborador do grupo GRETEL da Universidade Autónoma de Barcelona. É autor de *Hacer de la lectura una experiencia* (Biblioteca Nacional del Perú, 2020) e de *Yo, mediador(a): mediación y formación de lectores* (Octaedro, 2021), ademais de diversos artigos científicos e divulgativos sobre mediación da lectura, educación literaria e poesía para nenos e xoves. Os seus libros de poesía foron merecedores dos máis importantes premios de literatura infantil e xuvenil do ámbito iberoamericano, entre os que destaca o recente *Premio Hispanoamericano de Poesía para la Infancia 2022*.

Eu, mediador(a). Mediación e formación de lectores

O relatorio invita a revisar algunhas das características e conceptos clave para pensar a noción de “mediación da lectura literaria” e, máis concretamente, o rol do mediador ou mediadora en tanto actor central nos procesos de formación lectora e literaria de nenos, nenas e xoves. Isto faise a partir da visualización dalgunhas situacións de mediación de lectura en diversos contextos, situacións que funcionan como disparadoras de certas liñas de reflexión que poden axudarnos a (re)pensar o campo da promoción da lectura.

Manuel Núñez Singala

Na actualidade, e desde o ano 1988, é director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela. Con anterioridade foi bolseiro do Instituto da Lingua Galega, bolseiro na Unidade de Tradución do Parlamento de Galicia e funcionario tradutor do Diario Oficial de Galicia na Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia.

Na actualidade é membro do Comité directivo de Realiter (Rede Panlatina de Terminoloxía), unha entidade internacional á que están adheridas máis de cen institucións e organismos de corenta países.

Tamén estivo adscrito ao Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela en calidade de persoal científico. Foi Coordinador do Comité Técnico de Linguaxes de Especialidade do Consello da Cultura Galega. Ten impartido cursos de didáctica de linguas na Universidade Federal Fluminense de Niteroi (Rio de Janeiro, Brasil) e na Pontificia Universidade Católica de São Paulo (São Paulo, Brasil).

Foi coautor e coordinador de numerosas obras así como autor de obras de ensaio relacionado coa lingua galega *En galego, por que non?* (Editorial Galaxia, 2009) e *Sacar a lingua é de mala educación* (Editorial Galaxia, 2017).

No terreo da creación literaria ten publicadas nove títulos, entre os que podemos destacar obras de teatro como *O achado do castro* (Sotelo Blanco Edicións, 1991 / Editorial Galaxia, 2014), libros de relatos

como *Instrucións para tomar café* (Editorial Galaxia, 2014) ou novelas como *Mar de fondo* (Editorial Galaxia, 1997).

Teatro, lingua e humor

A conferencia trata sobre teatro, sobre lingua e sobre o humor, que son en moi gran medida os principais ingredientes da obra literaria do autor.

María Olga Novo Presa

Olga Novo é profesora de ensino secundario e Doutora en Literatura galega (USC / Universidade de Rennes), cunha tese sobre a Bretaña e o celtismo na literatura galega.

É tamén crítica literaria, especializada en celtismo, erotismo, surrealismo e propostas radicais conectadas co pensamento feminista e libertario. Ten libros de ensaio literario sobre Caludio Rguez Fer, Uxío Novoneyra, erotismo medieval.

Como poeta publicou *A teta sobre o sol* (1996), *Nós nus* (1997), *A cousa vermella* (2004), *Cráter* (2011) e *Feliz Idade* (2019). Recibiu os Premios da Crítica galega, da Crítica española e o Nacional de Poesía.

A lectura do infinito

Baixo o título *A lectura do infinito*, abordárase o achegamento á lectura e á creación poética como un acto radical de vida, isto é, unha experiencia sensible que antecede mesmo ao encontro co libro e cos textos. Como, provindo dunha cultura ágrafa dos subalternos analfabetizados polo poder, a transmisión oral crea alta poesía e lectura profunda que é, ante todo, escoita e pracer. Como, entón, unha nena sen libros devén poeta? Lendo, quizais, o infinito?

Antonio Juan Sandoval Rey

Antonio Sandoval Rey é escritor, ornitólogo e colaborador en diferentes medios de comunicación como *La Voz de Galicia*, *El Ágora Diario del Agua* ou as revistas *Luzes*, *Salvaje* ou *National Geographic Viajes*, entre outros.

Ten participado en diferentes obras colectivas sobre aves e natureza, así como no deseño de proxectos de educación e interpretación ambiental e de turismo ornitolóxico e de natureza. Ademais, ten escrito numerosos artigos para publicacións científicas e xeneralistas e participado na edición de revistas e boletíns ornitolóxicos.

E coautor de títulos como *El árbol de la escuela* (Kalandraka, varias edicións desde 2016), álbum ilustrado por Emilio Urberuaga editado en diversos idiomas.

É tamén autor de varios libros, entre os que cabe mencionar *¿Para qué sirven las aves?* (Tundra, catro edicións desde 2012) ou *A Torre* (Kalandraka, 2018; edicións en galego e castelán).

Dirixe ademáis a colección *Vitamina N*, de literatura de natureza, da editorial Kalandraka; e desde hai anos conduce a tertulia literaria *Letras Salvaxes* na librería Moito Conto da Coruña.

A súa páxina web é <http://antoniosandovalrey.weebly.com/>

Literatura e Natureza: de Thoreau (e mesmo antes) á actualidade

A literatura de natureza esperta un crecente interese por parte da sociedade, derivado da recente tradución de numerosos clásicos e obras recentes e a cada vez maior produción de textos en diferentes linguas ibéricas. En paralelo, cada vez máis encontros e festivais prestan atención a este xénero. Comentaranse, a través do fío histórico, moitas obras deste xénero. Tamén en que consisten esos eventos. Por outra banda, na cidade de A Coruña o club de Literatura e Natureza “Letras Salvaxes” da librería Moito Conto reúnese mensualmente ao redor dunha obra, para a partir dela dialogar sobre literatura, natureza e problemáticas ambientais. Falarase das oportunidades que brinda un club de lectura deste tipo para o intercambio de puntos de vista e a reflexión en común ao redor dunha problemática global que esixe a resposta de toda a cidadanía de todas as idades.

Xosé Antón Vilaverde Santamariña e Sira González Rodríguez

Toño Vilaverde declárase “lector de calquera cousa que caera nas miñas mans dende hai mais de 40 anos, e dependente de Alita Comics dende o ano 2010. Estudei psicoloxía, mais nunca cheguei a ter titulación. Non son autodidacta porque o devir da vida sempre me cruzou con xente da que aprender cousas.”

Sira González é Licenciada en Documentación con máster en Bibliotecas Escolares. Leva desempeñando a súa labor bibliotecaria na Biblioteca Municipal Os Rosales da Coruña dende o ano 2009. Coordinadora de clubs de lectura e responsable da comiteca, nos últimos anos imparte formacións tanto a personal docente como a compañeiras bibliotecarias da Rede de Bibliotecas de Galicia sobre a formación da colección de cómic non seus centros e a súa promoción entre o público lector. O seu obxectivo é dobre: romper prexuízos con respecto ao medio e achegar a súa lectura a todos os tramos de idade cos que traballamos, no seu caso de 0 a 100 anos.

A banda deseñada nos clubs de lectura: pautas para a súa selección e lectura

1. Introducción: ler cómics é ler
2. Panorama actual das coleccións de cómic nas Bibliotecas
3. Ferramentas para a selección: tecer rede (bibliotecas públicas, librarías, editoras...)
4. Cómics para infantil, primaria e secundaria
5. Cómics nos clubs de lectura escolares
6. Orientacións para traballar co manga en clubs de lectura

Carlos Andrés Martínez Uzal e Julio César Abalde García

Carlos Martínez é Licenciado en Dereito e Diplomado en Criminoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Director da Asociación Itínера de Voluntariado en Saúde Mental dende 2005, onde coordino o Club de Lectura “Kapitan Mette” dende o mesmo ano. Participou como redactor no programa do SERGAS “Lecturas saudables”.

Julio Abalde é Mestre de Primaria, Profesor de Secundaria de LIngua Española e Literatura, Psicólogo Educativo, Especialista e Máster en Psicología Deportiva. Participa activamente en Bibliotecas Escolares e en Clubs de Lectura (na actualidade, participa en dous de adultos: IES Ribeira do Louro de O Porriño e Ateneo Atlántico de Vigo). Colabora en Grupos de traballo: Proxecto Biblioterapia. Lecturas saudables (2018), Estudo: clubs, lecturas e lectores no Ensino Secundario de Galicia (2017/18), Bibliotecas Escolares 2005-2020, Profesor coparticipante no Máster da UNED: Dinámicas básicas da Biblioteca Escolar (No bloque: La Biblioteca Escolar como centro de dinamización da lectura [2020/21 e 2021/22]).